

TÍTULO

Creación dunha exposición dun gran franelograma e grilandas poéticas “**LATEXO CONTRA A VIOLENCIA**”

PERFIL DO ALUMNADO AO QUE ESTÁ DIRIXIDA A ACTIVIDADE

Alumnado da ESO / Bacharelato

Centro: IES NÚMERO 1

Localidade: Santa Uxía de Ribeira (A Coruña)

OBXECTIVO DA ACTIVIDADE

Que o alumnado sexa quen de **visibilizar e denunciar** a violencia de xénero.

NIVEL DE LOGRO

Promover relacións afectivo sexuais baseadas no respecto e a tolerancia.

Destacar a necesidade de apoio as vítimas de violencia de xénero.

Eliminación de estereotipos de xénero vinculados a condutas destrutivas.

Reforzar os valores necesarios para crearmos unha sociedade máis xusta e tolerante.

Promover accións e condutas construtivas dirixidas á reparación do dano ás vítimas.

XUSTIFICACIÓN E DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE



Nesta actividade coñeceremos como dúas mulleres, Itziar Prats e Isabel Gallardo, crean un movemento social que pretende erradicar na nosa sociedade a violencia de xénero, tras a perda da primeira delas, Itziar Prats, das súas dúas fillas a mans do seu exesposo.

O proxecto [Latido Mariposas](https://www.youtube.com/watch?v=ciYwvW1M6Yc&t=12s) promovido por Prats e Gallardo está inspirado nas irmás Miraball, coñecidas como Las Mariposas.

PROXECCIÓN DO VÍDEO DE PRESENTACIÓN DO PROXECTO LATIDO MARIPOSAS

<https://www.youtube.com/watch?v=ciYwvW1M6Yc&t=12s>

Debate guiado polas persoas titoras de cada grupo.

PROXECCIÓN DO VÍDEO DE PRESENTACIÓN DO PROXECTO ELABORADO POLA ASEMBLEA DE IGUALDADE “DORNA LILA”.

- O franelograma é un taboleiro de tea/feltro que permite enganchar papel, postais etc. As grilandas son tiras de papel con distintos motivos, que usaremos como adorno.
- Primeiro, o alumnado debe debuxar e recortar bolboretas de papel, nas que primen as cores violeta/morado.
- No interior da bolboreta **o alumnado terá que escribir, individualmente, uns versos de creación propia, baixo o lema escollido “Latexo contra a violencia”**

- Ao remate da actividade, todas as bolboretas serán recollidas e posteriormente penduradas para crearmos un mural colectivo e serán expostas nos fanelogramas/paneis e grilandas repartidos por espazos do centro.

POR QUE BOLBORETAS? QUEN ERAN AS IRMÁS MIRABAL?

<https://devellabella.com/as-irmas-mirabal-o-crime-das-bolboretas/>

METODOLOXÍA E TEMPORALIZACIÓN PARA TRABALLAR NAS TITORÍAS

1. **SEMANA DO 11-15 DE NOVENBRO.** Sensibilización sobre a violencia de xénero. Na primeira sesión, en grupos e de forma cooperativa, traballaremos a violencia de xénero e, máis concretamente, a violencia vicaria.
2. **SEMANA DO 18-22 DE NOVENBRO.** Seguimos traballando sobre a necesidade de erradicación da violencia de xénero.
Elaboración de bolboretas e versos co lema LATEXO CONTRA A VIOLENCIA. Pódense facer grilandas. Facilitaranse bolboretas predeseñadas en papel, mais admítense outras que o alumnado desexe crear libremente. Os materiais poden ser papel e outros (tea, cartolina, material de refugallo...)
3. **25 NOVENBRO.** Recollida de bolboretas. Durante toda a semana, a “Dorna Lila” creará os fanelogramas e decorará o centro coas bolboretas elaboradas por toda a comunidade educativa.